

Pillado Maior: “Marcho coa sensación de ter gozado coa miña verdadeira vocación; a de editor”

Carlos Loureiro Rodríguez Abril 2014

<https://www.noticieirogalego.com/pillado-maior-marcho-coa-sensacion-de-ter-gozado-coa-miña-verdadeira-vocacion-a-de-editor/>

Se comezamos unha conversa sobre teatro galego, apenas un par de minutos tardariamos en chegar á figura de Francisco Pillado Maior. Dirixiu asociacións, fundou grupos, presidiu institucións... Os seus ollos espertos e a súa fala agarimosa, invitan a botar horas charlando con el. As mesmas que el deixaría pasar entre as teclas dun piano ou os cheiros dunha imprenta. E é que o teatro é o teatro, pero a edición... Ese é outro cantar.

Nome e apelidos: Francisco Pillado Maior

Un lugar: un lugar no que habite Noli, a miña compañeira de sempre

Un hobby: Tocar o piano

Unha comida: Tortilla de patacas con xamón

Unha virtude: A tenacidade

Un defecto: Son moi disperso

Un soño: A materialización dun mundo sen clases sociais

Por expreso desexo teu, voute atuar, Francisco. A primeira pregunta estarás farto de que cha fagan, pero é obrigada nunha persoa na que conclúen tantas expresións... De cal das túas facetas estás máis orgulloso? Con cal te sentes máis identificado?

Talvez coa de editor, porque foi o traballo ao que lle dediquei máis anos. Para as persoas que amamos os libros non hai nada máis fermoso que asistir ao seu “parto”... Cando dirixía os Cadernos da Escola Dramática Galega, gozaba na imprenta escoitando o ruído das linotipias e mesmo respirando aquela atmósfera invadida polo olor da tinta, mentres probaba o efecto dos diferentes tipos de letra ou tiña que optar entre as posíbeis ilustracións para as portadas, por

exemplo. Hoxe, coa informática, ese encanto perdeuse, mais iso non significa que rexeite as novas tecnoloxías, resultaría absurdo e anacrónico!

Non hai dúbida de que o teatro é algo que vai total e absolutamente vinculado á figura de Pillado Maior. Que foi para ti o teatro? Que significou na túa vida?

O meu pai era un gran lector. Tiña unha magnífica biblioteca e lembro que nela “descubrín” as pezas teatrais de Shakespeare, un autor do que nos falaba a miúdo Miguel González Garcés, un excelente profesor de literatura que tiveron nos anos de estudante de bacharelato. Tamén na biblioteca paterna achei os libros de dous grandes dramaturgos: Valle-Inclán e Federico García Lorca. Valle segue a ser un autor que goza de plena actualidade neste singular “Ruedo Ibérico” que habitamos. De feito, ás veces, resúltame complicado interpretar a realidade que estamos a padecer sen aplicar –como diría o propio don Ramón- “a matemática perfecta do esperpento.” O encanto de Federico García Lorca –á marxe da súa evidente xenialidade- radicaba –nos anos da miña adolescencia- en que era un autor prohibido e censurado polo franquismo. De feito, os libros que gardaba o meu pai, enviábanllos algunhas persoas exiliadas na Arxentina. Outra lembranza, que evoco sempre con emoción, foi ter asistido con Manuel Lourenzo, cando aínda eramos uns rapaces, á estrea de “O don Hamlet” de Álvaro Cunqueiro, no teatro Colón da Coruña, no ano 1959.

Xa no tardofranquismo, o teatro era ás veces unha forma de denunciar a ditadura que estabamos a padecer, burlando a censura existente. A este respecto os exemplos serían múltiples. Recordo unha representación... Estaban unha serie de actores e actrices sentados no escenario falando de xeito distendido e, nun momento determinado, entran dous actores, vestidos co uniforme da policía e berrando: “manos arriba o disparamos al aire!” De súpeto, os que estaban sentados, axeóllanse e comezan a suplicar: “Al aire no, al aire no, por favor”. Nese momento, as persoas que estabamos entre o público comezamos a aplaudir entusiasmados! Hoxe, isto, podería ser catalogado como exemplo de “teatro do absurdo”, mais naqueles tempos era frecuente ler notas de prensa que dicían: “Manifestación de los obreros del metal en Vigo. La policía se vió obligada a disparar al aire y hubo cuatro muertos”...

Fundador e Presidente da Escola Dramática Galega, de múltiples grupos de teatro, agrupacións culturais... Cres na forza da unión? Na importancia de unirse na defensa duns intereses comúns?

Por suposto. Eu acredito e defendo esa necesidade de unírmonos na defensa deses “intereses comúns” dos que falas. Ás veces, lembro aquela frase de Louis Ferdinand Celine, coa que inicia –como cita de autoridade- Jean-Paul Sartre a súa obra “A náusea”, e que di: “Era un home sen importancia colectiva, exactamente un individuo”. Tamén considero moi atinada aquela famosa frase de Martin Luther King que di “Aprendemos a voar como os paxaros, a nadar como os peixes, mais non aprendemos a vivir xuntos como irmáns”. Tristemente, a realidade evidencia que teñen bastantes máis adeptos personaxes como Adolf Hitler ou Francisco Franco que Nelson Mandela ou o propio Luther King. Aí radica a plena actualidade de Shakespeare que deixou escritas frases como ésta: “Choramos ao nacer porque entramos neste inmenso escenario de dementes.”

E o resto dos xéneros? Que che aportaron cada un deles? Foron tamén unha maneira diferente de achegarte ao teatro...

Si. A través do ensaio e tamén da poesía. Na miña adolescencia, eu “visualizaba” moitos dos poemas do “Romancero gitano”, de Federico García Lorca. Lembro o caso do romance da morte

de Antónito el Camborio, no que o propio poeta dialoga coa vítima momentos antes da súa morte. Tamén no “Romance de la Guardia Civil” hai uns versos que poderían ser unha didascalia propia do teatro de Valle-Inclán. Valle, por exemplo, nunha didascalia, no canto de dicir: “suenan el teléfono”, escribe: “y el grillo del teléfono se orina en el regazo de la burocracia.”

Se tiveras que escoller unha obra, cal sería? Cal é a obra da túa vida?

Resúltame difícil responder a esa pregunta porque son moitas as obras que releo con certa frecuencia. Non lembro agora con exactitude o seu nome, mais creo que era Bergamín o que afirmaba: “A partir de determinada idade, ya no leemos. Releemos.” “El Quijote” é unha desas obras ás que acudo con certa frecuencia e, como sucede con todos os grandes clásicos, parece que foi escrita “onte pola tarde”. Non goza, acaso, de plena actualidade aquilo que di o cabaleiro da triste figura: “Bien se ve, Sancho, que eres villano y de aquellos que dicen: viva quien vence”? Ou volvamos a Shakespeare: “Mestre, gustaríame saber como viven os peixes no mar?... Como os homes na terra: os grandes devoran aos chicos.” Da literatura galega, sen dúbida, os libros cos que máis gozo son “O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca”, de Álvaro Cunqueiro e “Teatro de máscaras”, de Ramón Otero Pedrayo.

Es fillo de xornalista, influíu isto dalgún xeito na túa traxectoria profesional? E na túa persoa en xeral?

Si, efectivamente. O meu pai era xornalista, pero sobre todo era un lector asiduo e pertinaz. Mais o seu traballo como xornalista nos anos da ditadura franquista marcouno moi negativamente e, de feito, eu quería estudar xornalismo, mais el fixo todo o posíbel para disuadirme...

Mais ti escribiches as túas columnas para diversos xornais e mesmo tiveches o teu programa de radio. Picouche o verme xornalístico ou foi circunstancial?

Si. Eu comecei a facer crítica de cine e teatro en “Radio Coruña E.A.J. 41”, hoxe a “Cadena Ser”. Tamén Enrique Mariñas, que era director de “Radio Nacional de España” falara comigo para que colaborase nesta emisora, facendo comentarios de actualidade ou crítica de libros. Posteriormente, cando o nomearan xefe de prensa da Refinería de Petróleos da Coruña, pedírame que entrase a traballar con el xa que lle resultaba difícil compaxinar a dirección da radio coa xefatura de prensa de Repsol.

Nin que dicir ten que un dos teus proxectos máis importantes foi Edicións Laiovento. Fálamos dos primeiros pasos desta editorial e, sobre todo, de cómo decidides poñela en marcha?

Pouco tempo antes de fundarse Laiovento, Olegario Sotelo Blanco chamárame para ofrecermos a dirección da “Biblioteca do Arlequín”, unha colección de libros de teatro da editorial “Sotelo Blanco”... Eu, por suposto, aceptara encantado e durante o tempo no que desenvolvín o meu traballo de xeito altruísta, gocei sempre do apoio do propietario da editorial. A única condición que eu puxen para asumir esa responsabilidade foi que primase fundamentalmente a calidade do texto e non houbese censura por mor da chamada “normativa oficial”

Normativa oficial... Un elemento clave e determinante de Laiovento foi precisamente o de tratar conseguir unha normativa de consenso, non si? Camiñar cara unha normativa aceptada por todos os ámbitos e sectores da nosa cultura. Resultou difícil?

Difícilísimo. E vou citar un caso moi concreto e revelador. Cando o meu admirado don Ricardo Carballo Calero intenta publicar a súa obra “Scórpio”, non encontra un editor disposto a asumir a súa publicación porque a novela non estaba escrita na chamada “normativa oficial”. Lembro

que un día, don Ricardo chamárame por teléfono para preguntarme se Olegario Sotelo Blanco estaría disposto a publicala. Ese mesmo día falei, tamén por teléfono, co editor, que residía en Barcelona e respondeume que para el sería unha auténtica honra poder publicar unha obra de Carballo Calero. Uns días despois, comentei este episodio, que consideraba delirante, con Xosé Manuel Beiras e, como consecuencia diso, decidimos crear unha editorial na que primase a calidade estética e o rigor científico por riba dunha normativa deseñada por unha serie de persoas, moi respectables por suposto, mais que non gozaba do consenso de importantes escritores ou sociolingüistas do noso País. Ademais, eran bastantes os autores ou autoras que preferían non editar a verse obrigados a pasar polo filtro da chamada normativa oficial.

Nesta mesma sección houbo un escritor que, hai unhas semanas, nos dicía que o feito de que haxa moita poesía feita nunha lingua e pouca ciencia nesa mesma lingua, adoita ser un síntoma de falta de vitalidade social dese idioma. Laiovento tratou de cubrir todas as temáticas e sectores...

Si, mais eu non teño formación científica e, polo tanto, se me chegase un orixinal sobre economía, por exemplo, non dubidaría en pasarllo a Xosé Manuel Beiras para que me dese a súa opinión. Mais se o orixinal falase de física, astronomía ou medicina, eu –insisto- non tería capacidade para decidir e, desde logo, trataría de buscar un especialista nas respectivas materias para que me asesorase. Agora ben, debo dicir que nos moitos anos que traballei como director de Laiovento, nunca recibín un orixinal no que se abordasen cuestións científicas.

Outro elemento moi importante, e moi presente na túa vida, é a música. E mesmo a unión entre a palabra e a música. Deberíamos entender a cultura como un todo?

A música é un elemento moi importante na miña vida. De cativo, quería ser pianista e dous días á semana acudía á casa dunha tía do meu pai que me daba clases de solfexo e piano, mais, por razóns económicas, na casa paterna non había piano e non podía ensaiar nin practicar. Cando estaba a piques de cumprir os vinte anos de idade, o meu pai mercara un piano e retomei os estudos co mestre Mir, que era director da Coral “Follas Novas” da Coruña. Con el e posteriormente con Paulino Pereiro, tiven ocasión de aprender a tocar algunhas pezas de Mozart e Beethoven que eran os meus músicos favoritos. Logo, por mor dunha forte alerxia aos ácaros, tiven que desistir porque sempre que tocaba o piano púñaseme a cara con machas vermellas... En fin, eu xa teño asumido que a natureza é unha obra de pésimo gosto e, polo tanto, debo resignarme. Certamente a cultura, na miña opinión, é un todo, mais ese todo responde á suma de diversas partes, nas que cómpre especializarse... Agora ben, a “cultura” como verniz que evita o “compromiso social” non me interesa en absoluto.

Como valoras a situación na que se atopa a nosa cultura nestes momento? Coa túa bagaxe, e tendo en conta tamén a túa labor docente, en que situación cres que se atopa a cultura?

Nun momento certamente preocupante... Eu teño un libro de Stanislaw Jerzy Lec, titulado “Pensamientos despeinados”, no que figura un aforismo que asumo plenamente... Este aforismo di: “Hai que popularizar o elitismo”. Se consideramos a obra de Shakespeare, Cervantes, Rosalía de Castro, Valle-Inclán, Castelao ou Federico García Lorca como “elitista” é que algo non funciona... Para min, non existe nada máis reaccionario que a vulgaridade” e hoxe estase a fomentar –desde moitos xornais e canles televisivas- a vulgaridade como elemento de sedación social. Non podemos admitir que determinados líderes políticos, para xustificar “a crise” que estamos a padecer –eu prefiro falar de atraco programado que de “crise”- nos repitan ese nauseabundo tópico de que “vivamos por encima de nuestras posibilidades”... E non podemos admitilo porque ese plural, sitúa en pé de igualdade ás vítimas das chamadas “preferentes” cos

directores dos bancos ou Caixas de Aforros que se xubilaron con cantidades astronómicas de diñeiro. Paréceme obsceno! Mais entrar nesta cuestión daría pé non para unha entrevista senón para todo un extenso volume. Algunhas destas opinións sobre o momento actual, xa as comento no limiar do libro “Banqueiros” que publicamos en Laiovento. E no que atinxe á situación actual da cultura, hai uns días, cando regresaba de Miño, escoitei na radio do coche que Belén Esteban publicara un libro do que se fixeron, até o de agora, seis edicións, algo que nunca conseguiron en vida os máis importantes escritores galegos ou españois. Ao chegar a casa, logo de escoitar a noticia sobre o éxito de Belén Esteban, decidín incluír como cita de autoridade nun libro no que estou a traballar, unha frase de Albert Einstein que di: “Hai dúas cousas que non teñen límite: o universo e a estupidez humana. E da primeira non estou moi seguro”. No caso concreto de Galiza, creo que estamos gobernados por auténticos lingüicidas que, no límite da paranoia, teñen como obxectivo prioritario acabar co noso principal signo de identidade: o idioma... A este respecto, podería comentar varios casos moi concretos, mais, se mo permites, vou reproducir unhas palabras de Castelao que, na miña opinión, sintentizan xenialmente un dos intereses prioritarios do executivo. “¿Cómo chamariamos –di o autor de “Sempre en Galiza”- a un home que consentise o derrumbamento do Pórtico da Groria?

Pois é certamente máis bárbaro quen deixa morrer un idioma, obra de arte insuperable, feita con amor, con dor e con ledicia polos nosos antepasados, que recibimos en herdo e que temos a obriga de enriquecer co espírito do noso tempo.” Hai anos, Manuel Fraga Iribarne, coa “sutileza” que o caracterizaba e, sen dúbida para promocionar a Mariano Rajoy como futuro presidente de Galiza, espetáralle: “Y ahora, Mariano, ya sabes: tienes que casarte y aprender a hablar gallego”. O primeiro requisito cumpriuno, mais a respecto do segundo segue en rebeldía.

Non podemos esquecer tampouco o teu compromiso social. No libro de conversas con Xosé Luna, titulado “No Pazo de Laiovento”, mesmo hai un capítulo (“Socialismo ou barbarie”) destinado á reflexión sobre a actualidade. En primeiro lugar, gustaríame saber que significou para ti ese libro...

Ese libro, servíume para contar moitos aspectos da miña vida –tanto do ámbito social como privado- que, sen dubida, ficarían inéditos. Eu gusto dos libros de conversas e de feito, como sabes, en colaboración con Miguel Anxo Fernán-Vello, publicamos tres libros de conversas: un con Carballo Calero e dous con Xosé Manuel Beiras. En primeiro lugar, quero mostrar o meu agradecemento a Xosé Luna por considerar que un libro de conversas comigo podería ter interese para un determinado número de persoas. E a verdade, fiquei moi contento co resultado final pois recibín moitas felicitacións e tivo unha boa acollida por parte dos críticos. Lembro con especial emoción o acto de presentación na librería Couceiro de Santiago, no que participou o meu grande e admirado amigo Xosé María Álvarez Cáccamo que fixo unha lectura moi agarimosa e moi lúcida do libro. Uns días despois o texto da presentación foi publicado integramente no xornal Galicia Hoxe, un xornal imprescindible que fixo posíbel Caetano Díaz e un grupo de magníficos profesionais.

E, en segundo lugar, quixera saber se es dos que cres que o ámbito da cultura debe implicarse na sociedade e mesmo na política?

Creo que a xente que se move no ámbito da cultura ten necesariamente que implicarse na sociedade e na política. Eu non creo no “apoliticismo”, por suposto, e teño a certeza de que todas as persoas que se autodefinen como tal, defenden os mesmos intereses que a dereita máis reaccionaria. A este respecto, non debemos esquecer un caso moi significativo; logo dunha reunión que mantivera Franco cos directores de diversos xornais do Estado, despediuse deles

con esta frase: “Y ya saben, ustedes hagan como yo y no se metan en política”. Isto, malia que pareza tirado dun texto de Valle-Inclán, é absolutamente real e, ademais, está perfectamente documentado.

Como co-fundador de Edicións Laiovento, en que situación dirías que se atopa o libro tradicional? Cres que corre perigo de desaparecer? Cóstache ou es dos que cres nas novas tecnoloxías.

Hai un dato evidente: cada vez a xente merca menos libros. Ignoro por suposto o seu futuro, mais, talvez, moito antes do que esperamos se implante o “libro electrónico”... Eu non estou en contra das novas tecnoloxías e, de feito, utilizo a informática e consulto todos os días o ordenador. Posibelmente dentro de poucos anos non existan xornais impresos e procuraremos a información nos dixitais... Hai poucos anos tamén mantiña correspondencia escrita con moitos amigos e amigas. Na actualidade utilizo e recibo correos electrónicos. Eu, por razóns de idade, gusto do libro impreso, e moitos deles están subliñados e cheos de notas ou reflexión que me suxiren certos comentarios ou afirmacións... Por ignorancia –insisto- non sei se isto é ou será posíbel no libro electrónico.

Aínda con todos os proxectos e logros que tes as túas costas, unha vez dixeches: “o patrimonio máis importante dun home é a amizade”, sénteste orgulloso desta parte da túa vida, dos teus amigos?

Por suposto, os meus amigos e amigas, xunto coa miña familia máis próxima, constitúen o meu principal patrimonio. Estes días, por exemplo, logo de facerse público que deixaba a dirección de Laiovento, recibín fermosísimas mensaxes de moitos amigos e amigas que imprimín e quero conservar.

Cando falamos dos logros, non podemos evitar mirar cara os premios e recoñecementos. Con cal te quedas? Cal che fixo especial ilusión?

Unha cea homenaxe organizada no ano 2007 na Coruña, que consistiu, entre outras cousas, nun concerto homenaxe no Salón de Actos da Universidade da Coruña, con obras de Juan Durán e Paulino Pereiro. Este concerto, foi gravado nun DVD e figura nun libro que, non foi posto á venda, titulado “No País da Irmandade. Homenaxe a Francisco Pillado Maior.” O Comité organizador deste homenaxe estaba formado por Miguel Anxo Fernán-Vello, María Pilar García Negro, Manuel Lourenzo, Paulino Pereiro, Henrique Rabuñal e Xulio L. Valcárcel. E todos eles, contribuíron cunha colaboración neste libro, no que participan tamén outros moitos amigos ós que lles estou moi agradecido. Con recoñecementos así, xunto coa miña familia máis próxima, considero que non teño dereito a dicir, nin sequera no “plano estético”, como diría o meu admirado Jean-Paul Sartre, que “a vida é unha paixón inútil.”

E para rematar, non podíamos facelo doutro xeito que pedíndoche que lle dediques unhas palabras ó que foi o teu castelo durante os últimos 22 anos, deixas Laiovento, con que sensación marchas?

Coa sensación de ter gozado e disfrutado moito coa miña verdadeira vocación: a de editor... Quero, por suposto, agradecerlles o seu incondicional apoio e a liberdade da que gocei nestes anos para optar polos libros que consideraba interesantes publicar, a Xosé Manuel Beiras, a Pepe Carreiro e a Suso Couceiro. E tamén gardo un magnífico recordo de Paco Souto, de Mercedes Queixas e de Sandra Vilaseco que fixeron un traballo modélico como especialistas en filoloxía.

Moitas grazas Francisco, ata sempre e Viva Mozart!